



EXPDTE	CONCESIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DA AVDA. DE BOS AIRES.
PROCDMTO	LIBRE CONCORRENCIA. SUBHASTA
TRÁMITE	Texto refundido Pregos de cláusulas da concesión

ÍNDICE:

CAP.I: ELEMENTOS DA CONCESIÓN.....	2
1. Obxecto.	1
2. Destino dos postos.	3
3. Canon da concesión. Obrigas económicas.	4
4. Capacidade para ser concesionario. Limitacións de concesións.	8
5. Garantía Provisional.	8
6. Obtención de información.	8
7. Presentación de proposicións. Lugar e prazo.	9
8. Presentación de proposicións. Documentación.....	10
9. Criterios de selección.	13
10. Mesa de Licitación.	13
11. Apertura e cualificación da documentación xeral.	13
12. Apertura das ofertas, proposta de adxudicación.	14
13. Documentación a entregar polas persoas propostas de adxudicación.	14
14. Adxudicación.	15
15. Formalización das concesións.	16
16. Duración.	17
17. Transmisión.	17
18. Dereitos dos concesionarios.	17
19. Obrigas dos concesionarios.	17
20. Obrigas e potestades municipais. Modificacións.	17
21. Condicións, conservación e mantemento dos postos. Obras.	18
22. Réxime sancionador.	18
23. Extinción.	19
24. Réxime xurídico.	19
25. Xurisdición competente.	20

CAP. I. ELEMENTOS DA CONCESIÓN

1. Obxecto.

1. É obxecto dos presentes pregos regular o procedemento, por licitación pública, da concesión demanial para o uso privativo dos postos vacantes no Mercado Municipal da Avda. de Bos Aires, que de seguido se relacionan. Así mesmo, estes pregos, cos documentos que refiren, sinalan as condicións conforme ha exercerse a referida concesión.

2. Postos que se licitan:

POSTOS	DESCRIPCIÓN	DESTINO
PLANTA ALTA		
CASETA A-14	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETA A-10	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	ULTRAMARINOS
CASETA B-16	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	ARRANXOS ROPA
CASETAS B-18/ B-20 E B-22	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETAS B-24 E B-26	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	VINOTECA/ DELICATESSEN
CASETA B-28	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETA B-30	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETA C-32	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	LIBRE
CASETA C-34	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	LIBRE
CASETAS C-36 E C-38	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	PARAFARMACIA
CASETAS C-40 E C-42	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	DROGUERÍA/ PERFUMERÍA
CASETAS C-37 E C-39	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	HERBOLARIO
CASETA C-33	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	ZAPATERO/CHAVES
CASETA C-31	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETAS B-27 E B-29	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	ULTRAMARINOS
CASETA B-15	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETAS A-11 E A-13	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	PERRUQUERÍA
CASETA A-9	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETA A-7	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	QUESOS/ CHARCUTERÍA
BANCADAS FROITA: 1/3/5/7/21/23/25/27/29/31/41/43/ 45/47/49/51/53/55/57/59/61/63/2/ 4/6/8/10/12/14/16/18/20/36/38/40/ 42/44/46/48/50/52	1m ² lineal por unidade, acometida eléctrica	Venta de froitas e hortalizas



POSTOS	DESCRIPCIÓN	DESTINO
PLANTA BAIXA		
CASSETAS EXT B-1 E EXT B-3	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	PANADERÍA
CASETA B-1	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CAIXEIRO
CASETA B-2	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	EXPEDICIÓN CHURROS/ CARNICERÍA
CASETA INT-18	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETA INT-20	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
CASETA INT-24	Acometida eléctrica, auga, rexas de peche	CARNICERÍA
BANCADA F-6	Acometida de auga	Venta de flores
<u>BANCADAS PEIXE FRESCO</u> Lotes: Lote: 10/12/14 Lote : 36/38 Lote : 60/62 Lote : 3/5 Lote : 75/77 Lote : 99/101 Lote : 103/105 Lote : 117/119 Lote : 132/134 Lote : 136/138/140 Lote : 142/144 Lote : 146/148 Lote : 149/151 Lote : 153/155 Lote : 157/159 Lote : 161/163/165 Bancadas por unidade: 22, 28, 54, 63, 73, 89, 98, 111, 150, 154, 145, 147, 167.	1m ² lineal por unidade, acometida eléctrica e de auga	Venta de produtos pesqueiros frescos.
<u>BANCADAS P. CONXELADO:</u> Lote : 174/176/178/180/182 Lote :184/186/188/190/192/194/196 Lote :183/185/187/189	1m ² lineal por unidade, acometida eléctrica e de auga	Venta de produto conxelado.

Todos os locais terán que ser acondicionados polo adxudicatario para a actividade a desenrolar.

2. Destino dos postos.

1. Establécese o destino determinado nas presentes bases para os postos cuxa concesión se licita. Deste modo, e partindo do sinalado no art. 9 do Regulamento dos

Mercados municipais de Abastos deste Concello (BOP nº 230 do 27.11.2003), poderá cambiarse a actividade inicial, sempre e cando medie previa comunicación e autorización polo Concello, no que se examinarán as circunstancias sinaladas neste artigo.

2. En todo caso, as actividades haberán ser compatibles coas características dos postos e as actividades dos próximos, debendo obterse, ou efectuarse, as oportunas licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas, de conformidade coa normativa aplicable. É responsabilidade dos concesionarios a obtención de tales autorizacións, ou a realización de tales trámites.

3. Canon da concesión. Obrigas económicas.

1. Os que resulten concesionarios deberán satisfacer os seguintes canons, ou mellorados ao alza segundo as súas propostas. Estes canons mínimos de partida calcúlanse pola súa amortización anticipada, con base nos estudos efectuados na vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos nos Mercados. Son:

POSTOS	CANON MÍNIMO 25 ANOS
PLANTA ALTA	
CASETA A-14	5.769,38 €
CASETA A-10	5.769,38 €
CASETA B-16	4.859,44 €
CASETAS B-18/ B-20 E B-22	4.859,44 € (POR UNIDADE)
CASETAS B-24 E B-26	4.859,44 € (POR UNIDADE)
CASETA B-28	4.859,44 €
CASETA B-30	4.859,44 €
CASETA C-32	5.091,77 €
CASETA C-34	5.091,77 €
CASETAS C-36 E C-38	5.091,77 € (POR UNIDADE)
CASETAS C-40 E C-42	5.091,77 € (POR UNIDADE)
CASETAS C-37 E C-39	5.091,77 € (POR UNIDADE)
CASETA C-33	5.091,77 €
CASETA C-31	5.091,77 €
CASETAS B-27 E B-29	4.859,44 € (POR UNIDADE)
CASETA B-15	4.859,44 €
CASETAS A-11 E A-13	5.769,38 € (POR UNIDADE)
CASETA A-9	5.769,38 €
CASETA A-7	5.769,38 €
BANCADAS FROITA: 1/3/5/7/21/23/25/27/29/31/41/43/ 45/47/49/51/53/55/57/59/61/63/2/ 4/6/8/10/12/14/16/18/20/36/38/40/ 42/44/46/48/50/52	1.936,03 € (POR UNIDADE)



POSTOS	CANON MÍNIMO 25 ANOS
PLANTA BAIXA	
CASSETAS EXT B-1 E EXT B-3	7.356,93 € (POR UNIDADE)
CASETA B-1	7.356,93 €
CASETA B-2	7.356,93 €
CASETA INT-18	9.680,16 €
CASETA INT-20	9.680,16 €
CASETA INT-24	9.680,16 €
BANCADA F-6	11,616,06 € (equivalente a 3,872,02 x 3 m lineal)
<u>BANCADAS PEIXE FRESCO</u> Lotes: Lote: 10/12/14 Lote : 36/38 Lote : 60/62 Lote : 3/5 Lote : 75/77 Lote : 99/101 Lote : 103/105 Lote : 117/119 Lote : 132/134 Lote : 136/138/140 Lote : 142/144 Lote : 146/148 Lote : 149/151 Lote : 153/155 Lote : 157/159 Lote : 161/163/165 Bancadas por unidade: 22, 28, 54, 63, 73, 89, 98, 111, 150, 154, 145, 147, 167.	3.872,02 € (POR UNIDADE)
<u>BANCADAS P. CONXELADO:</u> Lote : 174/176/178/180/182 Lote :184/186/188/190/192/194/196 Lote :183/185/187/189	3.872,02 € (POR UNIDADE)

O seu ingreso xustificárase previamente á adxudicación dos postos por aqueles que obteñan as mellores puntuacións, segundo se especifica nos presentes pregos.

2. Independentemente, haberán satisfacerse na vida da concesión as taxas establecidas na referida Ordenanza fiscal 16/2012, Reguladora da taxa pola

prestación de servizos nos mercados municipais, ou a que a substitúa, e pola contía e de conformidade coa periodicidade e demais condicións en cada momento vixentes.

As tarifas actualmente aplicables para cada posto son as seguintes:

POSTOS	TARIFA MENSUAL
PLANTA ALTA	
CASETA A-14	58,89 €
CASETA A-10	58,89 €
CASETA B-16	49,59 €
CASETAS B-18/ B-20 E B-22	49,59 €
CASETAS B-24 E B-26	49,59 €
CASETA B-28	49,59 €
CASETA B-30	49,59 €
CASETA C-32	51,97 €
CASETA C-34	51,97 €
CASETAS C-36 E C-38	51,97 € (POR UNIDADE)
CASETAS C-40 E C-42	51,97 € (POR UNIDADE)
CASETAS C-37 E C-39	51,97 € (POR UNIDADE)
CASETA C-33	51,97 €
CASETA C-31	51,97 €
CASETAS B-27 E B-29	49,59 € (POR UNIDADE)
CASETA B-15	49,59 €
CASETAS A-11 E A-13	58,89 € (POR UNIDADE)
CASETA A-9	58,89 €
CASETA A-7	58,89 €
<u>BANCADAS FROITA:</u> 1/3/5/7/21/23/25/27/29/31/41/43/ 45/47/49/51/53/55/57/59/61/63/2/ 4/6/8/10/12/14/16/18/20/36/38/40/ 42/44/46/48/50/52	15,47 € (POR UNIDADE)

POSTOS	TARIFA MENSUAL
PLANTA BAIXA	
CASETAS EXT B-1 E EXT B-3	42,45 € (POR UNIDADE)
CASETA B-1	42,45 €
CASETA B-2	42,45 €
CASETA INT-18	55,86 €
CASETA INT-20	55,86 €
CASETA INT-24	55,86 €
BANCADA F-6	122,43 € (equivalente a 40,81 € x 3 m lineal)



POSTOS	TARIFA MENSUAL
PLANTA BAIXA	
<u>BANCADAS PEIXE FRESCO</u> Lotes: Lote: 10/12/14 Lote : 36/38 Lote : 60/62 Lote : 3/5 Lote : 75/77 Lote : 99/101 Lote : 103/105 Lote : 117/119 Lote : 132/134 Lote : 136/138/140 Lote : 142/144 Lote : 146/148 Lote : 149/151 Lote : 153/155 Lote : 157/159 Lote : 161/163/165 Bancadas por unidade: 22, 28, 54, 63, 73, 89, 98, 111, 150, 154, 145, 147, 167.	38,03 € (POR UNIDADE)
<u>BANCADAS P. CONXELADO:</u> 174/176/178/180/182 184/186/188/190/192/194/196 183/185/187/189	38,03 € (POR UNIDADE)

3. Así mesmo, correrán por conta de cada adxudicatario os tributos relativos ao exercicio de cada actividade, os que graven a constitución desta concesión, así como as sucesivas transmisións, os de formalización pública do título de adxudicación, de ser o caso, gravame e demais derivados da propia concesión.

Expresamente faise constar que os concesionarios serán suxeitos pasivos das taxas, impostos (incluído o ICIO) e demais tributos que se devenguen pola execución das obras que a propia concesión implique.

4. Finalmente, asumirá aqueles definidos no vixente Regulamento dos Mercados

municipais e demais que sexan legalmente procedentes.

4. Capacidade para ser concesionario. Limitacións de concesións.

1. Están capacitados para ser concesionarios as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou dalgún dos países membros da Unión Europea, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, e acrediten tales e a súa solvencia económica e técnica de acordo co sinalado nos presentes pregos.

As persoas de países estranxeiros non membros da UE poderán ter tal condición de acreditar, do modo referido no art. 55.1 do TRLCSP (Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lex. 3/2011), que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de persoas españolas nos procedementos ou concursos coa Administración e cos, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do propio TRLCSP, en forma substancialmente análoga. Así mesmo, xustificarán a súa capacidade e a súa solvencia técnica e económica segundo o precisado nestes pregos.

2. En todo caso, as persoas non deberán encontrarse incursas nalgunha das prohibicións que se enumeran no art. 60 do TRLCSP. Expresamente recórdase a condición de estar ao corrente no cumprimento das obrigas sociais e tributarias, incluídas as propias do Concello de Pontevedra.

Por outra banda, e de acordo co art. 23.4 do Regulamento dos Mercados municipais de abastos, non poderán optar á concesión de postos aqueles aos que lles fora revogada ou anulada unha concesión anterior como consecuencia de sanción por faltas moi graves.

3. Así mesmo, e de conformidade co sinalado no apartado 3 do devandito precepto, non poderá acadarse a concesión de máis de 3 casetas ou de 10 bancadas, contando aqueles dos que, hipoteticamente, se dispoñan na actualidade. Isto excepto no caso de destinalo á venda de comestibles, nos que non rexerá esta limitación.

O anterior é aplicable a todas as persoas, sexan naturais ou xurídicas, e actúen directa ou indirectamente (por persoas interpostas, sociedades ou empresas vinculadas no sentido do art. 42 do Código de Comercio e similares).

Non obstante, por unha mesma persoa, directa ou indirectamente, poderán presentarse solicitudes para todos os postos, se ben, para o caso de resultar propostos de adxudicación e estar afectados pola limitación expresada, haberán de optar por aqueles 3 casetas ou 10 bancadas que sinalen como preferentes.

4. Finalmente, e segundo o art. 23.2 do Regulamento, as concesións de postos de venda no Mercado non poderán adxudicarse, de forma conxunta, a dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas.

CAP. II. LICITACIÓN

5. Garantía Provisional.

Dado o alcance da presente concesión, non se prevé a constitución de garantía previa para poder presentar ofertas.

6. Obtención de información.

1. Os presentes pregos serán publicados na páxina web do Concello de Pontevedra www.pontevedra.eu. Poderá publicarse, así mesmo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria o conveniente.



2. Para a obtención de información que puidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

- So será obrigatoria a remisión daqueles documentos que non se encontren publicados na web municipal (aproveitándose a estes efectos o perfil do contratante, co fin de facilitar a súa consulta).
- So será obrigatoria a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou conveniente, para a formulación das ofertas.
- A petición deberá presentarse cunha antelación mínima de 4 días hábiles á finalización do prazo para presentar ofertas. Enviarase nos 2 días hábiles seguintes.
- A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal. A remisión da documentación por correo será baixo a modalidade de portes debidos.

4. A consulta poderá efectuarse na Administración Municipal de Mercados do Concello de Pontevedra (Avda. de Bos Aires s/n. Pontevedra, 36002. Teléfono 986 851804, e dirección de mail : mercadoabastos@pontevedra.eu).

7. Presentación de proposicións. Lugar e prazo.

1. As proposicións para tomar parte neste procedemento presentaranse de 09,00 a 13,00 horas (do 16 de xuño ao 15 de setembro), ou de 8.30 horas a 13.30 horas (resto do ano, a excepción dos sábados, que sempre será de 9.00 horas a 13.00 horas), no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra, **nos 30 días hábiles seguintes** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no último dos boletíns nos que apareza (**DOG e BOP**). Poderá publicarse, para maior coñecemento, o referido anuncio na web municipal (perfil do contratante), computándose o prazo, neste caso e así mesmo, desde a última publicación.

2. Tamén poderán presentarse proposicións por correo, se ben neste caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao Concello, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso en que se recibira no rexistro xeral municipal fora do prazo fixado.

En todo caso, transcorridos 10 días naturais desde a terminación do prazo de presentación non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

Igual advertencia será de aplicación para os casos nos que se faga uso da posibilidade prevista polo art. 38.4 da Lei 30/1992, debendo anunciarse de igual modo a súa presentación mediante esta vía, e coas mesmas salvedades expostas.

3. Unha vez recibida a proposición, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

4. O contido mínimo dos anuncios expresará:

- O Obxecto da concesión, con referencia aos pregos de cláusulas.
- O lugar de consulta e modo de acceso a tales pregos.
- Prazo durante o que os interesados poderán presentar as súas proposicións, e o lugar para isto, partindo do presente artigo.
- O lugar, día e hora inicialmente previsto para o primeiro acto público de apertura das ofertas. Especificarase que, non obstante, tal día poderá ser demorado para suposto de presentarse ofertas por correo ou a través das vías sinaladas no art. 38.4 da Lei 30/1992, ou

de requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada, polo tempo mínimo indispensable. Neste caso, el día de apertura de proposicións fixarase no perfil de contratante cunha antelación de, cando menos, 2 días ao da súa celebración.

8. Presentación de proposicións. Documentación.

8.1. Regras xerais.

1. Os que estean interesados en participar no presente concurso haberán presentar a documentación que a continuación se relaciona en **dois (2)** sobres, A e B, cada un dos que terá o seguinte título:

- A: "SOBRE A. SUBHASTA PARA A CONCESIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DA AVDA. DE BOS AIRES. DOCUMENTACIÓN XERAL"
- B: "SOBRE B. SUBHASTA PARA A CONCESIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DA AVDA. DE BOS AIRES. PROPOSICIÓN ECONÓMICA. POSTO Nº _____"

2. Os sobres deberán presentarse cerrados e lacrados, identificados no seu exterior cos títulos que se acaban de sinalar, debidamente asinados polo licitador ou o seu representante, con indicación de nome, apelidos e razón social, nº de teléfono e fax, así como correo electrónico, no seu caso.

3. A documentación incluída deberá estar debidamente numerada e farase constar en folia independente o contido do sobre con indicación dos folios aos que corresponde.

4. Os concursantes estranxeiros presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ao galego ou ao castelán.

5. Os documentos a presentar deberán ser orixinais ou copias autenticadas en forma legal.

6. No caso de discrepancia entre as cantidades consignadas en número e letra, prevalecerán as primeiras sobre as segundas.

7. As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Formalizado o documento de concesión e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se presentaran, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados.

8.2. "SOBRE A. SUBHASTA PARA A CONCESIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DA AVDA. DE BOS AIRES. DOCUMENTACIÓN XERAL."

Deberá incluír a seguinte documentación, pola orde que se sinala, con índice numerado:

Acreditativa da personalidade do solicitante e da representación, no seu caso, do asinante da proposición:

- Fotocopia do DNI para as persoas físicas, pasaporte ou documento que os substitúa.
- No caso de persoas xurídicas:

- Escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Engadírse, así mesmo, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores.

- Fotocopia do DNI de su representante, firmante de la proposición.
- Fotocopia del NIF de la empresa, para el caso de no determinarse en la



escritura.

No caso de sociedades de calquera tipo, e expresamente as de carácter civil, sometidas ao ámbito de aplicación da Lei 2/2007, de Sociedades Profesionais, esixirase a súa inscrición no Rexistro Mercantil de acordo co art. 8 da mencionada Lei. Sen o cumprimento deste requisito, a sociedade será rexeitada.

-Poder debidamente bastantado cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas. Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados pola Asesoría Xurídica da Corporación, avogado do Estado ou Asesorías doutras Administracións públicas, ou avogado en exercicio, debendo neste último caso xustificar a súa colexiación.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil e, en concreto, cando conteña delegación permanente de facultades.

A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a aportación deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo do mesmo nos termos expostos suporá, aos efectos do art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non terse sido revocado con data posterior.

-En folla aparte sinalará nome, apelidos e razón social, domicilio, nº de teléfono e fax, así como correo electrónico, no seu caso. De precisarse un correo electrónico e así desexarse deberá consentirse expresamente en que as notificacións se efectúen por este medio. O Concello realizará dichas notificacións, de acordo coa súa normativa reguladora, no momento en que as súas dispoñibilidades técnicas o permitan.

El licitador poderá remitirse, en todo ou en parte, á documentación que puidera ter presentado previamente no Concello de Pontevedra. Para isto será necesario que sinala expresamente que se remite a aquela documentación, identifique o procedemento ou procedementos nos que se presentou, e sinala de modo claro que non existen actos posteriores que a modifiquen, a través de la correspondente declaración xurada.

Para acreditar a capacidade do licitador para contratar coa Administración:

Declaración responsable de non atoparse comprendida a persoa ofertante en ningunha prohibición para contratar. Esta declaración fará constar, expresamente, que a persoa física, xurídica, os seus administradores ou órganos de dirección, **non** se encontran incurso en ningunha das prohibicións para contratar coas Administracións Públicas impostas pola lexislación vixente e, en concreto, nas sinaladas polo art. 60 do TRLCSP, manifestando que se encontran ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións aplicables.

Para acreditar a solvencia económico-financeira, e técnico-profesional do licitador:

De conformidade co sinalado no art. 23 do vixente Regulamento dos mercados municipais de abastos, requírese a acreditación da solvencia apuntada por parte dos titulares dos postos. Dado o obxecto das actividades a desenvolver, esta solvencia xustificarase polos que resulten propostos para a adxudicación, do modo especificado nestes pregos, mediante a as altas fiscais e sociais que lles habiliten para o exercicio das actividades comerciais en cuestión.

E isto sen prexuízo dos casos de extinción das concesións por inactividade segundo o art. 27.1 II) do devandito regulamento.

Resgardo acreditativo da garantía provisional.

Non se esixe na presente concesión.

Declaración de persoas vinculadas.

No suposto de que a persoa concorra indirectamente con outras, nos termos precisados no art. 4.3 destes pregos, presentárase necesariamente una declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as persoas relacionadas que concorran á licitación.

Especialidades para as persoas estranxeiras:

- Documentos que acreditan su **capacidade de obrar**.

No caso de persoas de Estados membros da Comunidade Europea, ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase, de conformidade co previsto nos arts. 58 e 72.2 do TRLCSP, e 9 do RD 1098/2001. En consecuencia, deberán acreditar a inscrición nos rexistros ou a presentación das certificacións que se especifican no Anexo I do RD 1098/2001.

As demais persoas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar de acordo co precisado polos arts. 72.3 do TRLCSP e 10 do RD 1098/2001. Estas empresas deberán engadir, como se sinalou no art. 4.1, o Informe de reciprocidade que refire o art. 55.1 do TRLCSP.

- En todo caso, declaración de **someterse á xurisdición** dos Xulgados e Tribunais Españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social.

Establécese a preferencia regulada na disposición adicional 4ª do TRLCSP para caso de empate nas ofertas. Aqueles licitadores que pretendan a súa aplicación deberán incluír os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Así mesmo especificarán o número destes que teñan carácter de fixos, en relación co número total de traballadores fixos no seu cadro de persoal.

8.3. "SOBRE B. SUBHASTA PARA A CONCESIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DA AVDA. DE BOS AIRES. PROPOSICIÓN ECONÓMICA. POSTO Nº _____"

****Especificarase necesariamente o número do posto no título, e aportarase un sobre por cada posto ao que se opte.**

Incluírá a proposta conforme o seguinte modelo:

"D. (nome e apelidos da persoa individual que solicita), con D.N.I. núm. _____, en nome propio (ou en representación de _____), con domicilio a efectos de notificacións en _____, participa na licitación pública para a concesión de postos no Mercado Municipal da Avda. de Bos Aires, segundo anuncio publicado no (BOP, DOG ou web municipal) de data _____, aceptando integramente os pregos de cláusulas desta concesión e con coñecemento do disposto no Regulamento dos mercados municipais de abastos, respecto do posto ao que opta, efectúa a seguinte proposta:

- Canon da concesión ofertado _____ € (en número e letra).



Data, lugar e sinatura do proponente.”

O canon proposto en todo caso deberá superar o mínimo precisado no art. 3.1 dos pregos, so pena de rexeitamento da oferta.

9. Criterios de selección.

1. Único: Mellora do canon establecido como mínimo nestes pregos.

A determinación da puntuación a outorgar en cada oferta efectuarase por regra de proporcionalidade matemática (regra de tres directa).

2. Non se valorarán criterios distintos ao sinalado.

3. No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis ofertas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela que teña no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2% e así lo acredítase segundo o sinalado nestes pregos. De persistir o empate, resolverase segundo o disposto ao efecto na D.Ad. 4ª.2 do TRLCSP e, de continuar tal igualdade, por sorteo.

10. Mesa de Licitación.

1. Co fin valorar as proposicións dos interesados, analizar a documentación presentada, decidir sobre a admisión, valorar as ofertas, propor a adxudicación, e demais aspectos que na lexislación contractual administrativa se lle asigna ás Mesas de Contratación, establécese unha Mesa de Licitación, cuxa composición será a seguinte:

- Presidente: A Concelleira Delegada de Promoción Económica, ou para o caso de imposibilidade desta, aquel designado pola Alcaldía.
- 5 Vocais:
 - Un concelleiro en representación de cada grupo municipal, a excepción daquel xa representado pola Presidencia.
 - O titular da Asesoría Xurídica da Corporación, quen poderá delegar a súa asistencia, con este carácter, na Secretaría Xeral do Pleno ou na Secretaría da Administración Municipal.
 - A titular do órgano de Intervención e fiscalización, quen así mesmo poderá delegar nun funcionario técnico de administración xeral adscrito ao seu servizo.
 - A administradora do Mercado Municipal de Abastos.
- Un secretario, con voz e voto, que será o Xefe do servizo de Promoción Económica, podendo ser substituído pola Xefatura do Servizo de Patrimonio.

2. A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, cando menos, do seu Presidente, Secretario e os vocais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. Poderá pedir os informes e asesoramentos que estime convenientes.

11. Apertura e cualificación da documentación xeral.

1. Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Licitación procederá, nos 10 días naturais seguintes, á cualificación previa da documentación xeral do sobre a) en sesión non pública.

2. De observarse defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, ou requirirse a aportación de documentación complementaria, comunicarse aos interesados concedéndolles un prazo de 5 días hábiles para a súa subsanación ou aportación.

Estes requirimentos efectuaranse verbalmente, ou mediante fax ou telemáticamente de así estimarse, sen prexuízo do correspondente anuncio no Perfil de contratante do Concello de Pontevedra, momento desde o que contará o prazo de cumplimentación do requirimento.

3. Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións, a Mesa procederá a declarar as propostas admitidas e as rexeitadas con expresión das causas de tal rexeitamento.

A falta de xustificación da solvencia técnica ou económica, cando tal se esixa previamente, segundo criterio motivado da Mesa, terá carácter excluín-te.

12. Apertura das ofertas, proposta de adxudicación.

1. O acto de apertura das ofertas será público e terá lugar o 11º día hábil non sábado seguinte ao de terminación do prazo para a presentación de proposicións. Terá lugar ás 9.00 horas na sala de Xuntas do edificio Michelena, 30.

Tal día, non obstante, poderá ser demorado para suposto de presentarse ofertas por correo ou a través das vías sinaladas no art. 38.4 da Lei 30/1992, ou de requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada, polo tempo mínimo indispensable. Neste caso, el día de apertura de proposicións fixarase no perfil de contratante cunha antelación de, cando menos, 2 días ao da súa celebración.

2. O acto transcorrerá dando conta pola Presidencia do resultado da cualificación da documentación xeral, logo do que a Secretaría da mesa procederá á apertura dos sobres B, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e dará conta das propostas contidas neles, coa posibilidade de exame polos interesados.

3. Serán rexeitadas motivadamente todas aquelas ofertas que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, diminúan o canon mínimo de partida, comporten erro manifesto ou contradigan esixencias esenciais dos pregos.

4. A Mesa de Contratación formulará proposta de adxudicación, determinando por orden decrecente a puntuación obtida por cada ofertante respecto de cada posto.

Esta proposta non outorgará dereito ningún a favor do adxudicatario proposto.

CAP. III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

13. Documentación a entregar polas persoas propostas de adxudicación.

1. Os que resulten propostos de adxudicación deberán aportar, nun prazo non superior a 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao do seu requirimento, a seguinte documentación:

- a) **Determinación da orde de preferencia na adxudicación dos postos.**
Para o suposto de resultar adxudicatarios, directa ou indirectamente, de máis de 3 casetas ou 10 bancadas, cando esta limitación rexa.
- b) **Xustificante do ingreso do canon ofertado.**
Sobre o mínimo establecido para cada posto, mediante acreditación ou recibo da Tesourería Municipal conforme se efectuou tal ingreso.
- c) **Garantía definitiva.**
Xustificación da constitución da Tesourería municipal dunha garantía equivalente ao 3% do canon mínimo da licitación, que se sinala no art. 3.1 destes pregos, por cada



posto que se propoña de adxudicación.

A garantía constituirase en calquera das formas admitidas no art. 96 TRLCSP (excepto retención no prezo), debendo axustarse e cumprir as condicións esixidas nos arts 55 a 58 do RD 1098/01, incluídos os anexos a que se refiren tales preceptos. O Concello poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que se encontren en situación de mora fronte ao mesmo, como consecuencia do impago de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poda alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fora rexeitado pola Administración.

As garantías responderán do adecuado cumprimento das obrigas correspondentes aos concesionarios, segundo estes pregos e o Regulamento do mercado, así como das sancións que puideran imporse segundo este último. Isto sen prexuízo da esixencia das cantidades que, resultantes do anterior, non puideran ser satisfeitas con cargo a tal garantía, que poderán ser obtidas pola vía administrativa de constrinximento.

A diminución das garantías por estes motivos motivará o seu restablecemento, no prazo dun mes, ata acadar o seu importe inicial.

d) Xustificación das altas fiscais e tributarias, e do cumprimento destas obrigas.

Deberá aportarse a alta no IAE no concello de Pontevedra da persoa proposta como concesionaria para o exercicio da actividade ou actividades ás que destinará os postos. Así mesmo, aportarase alta da persoa, ou persoas, encargadas da súa explotación na Seguridade Social.

Engadiranse certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes nas que se acredite que os concesionarios propostos se encontran ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado e co Concello de Pontevedra, así como respecto ás súas obrigas coa seguridade social, ou autorización ao Concello para obter de forma directa a súa acreditación, mediante declaración suficiente ante as Administracións tributarias e da seguridade social a estes efectos. Achegarase, no seu caso, o xustificante do último recibo sobre o IAE para Pontevedra.

Todo de acordo e nos termos precisados polos arts. 13 e ss do RD 1098/2001.

e) Acreditación de non encontrarse incurso en prohibicións para contratar.

Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, ou, mediante declaración responsable nos termos expostos no art. 8.2 b) destes pregos, pero outorgada ante a Secretaría de Administración Municipal do Concello de Pontevedra, notario público ou organismo profesional cualificado.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

2. De non aportarse adecuadamente a documentación precisada no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a instar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

14. Adxudicación.

1. Nos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación precisada no artigo anterior, o Concello ditará resolución de adxudicación do contrato.

2. Non obstante, por resolución motivada o Concello poderá apartarse da proposta de adxudicación, ou declarar deserto o concurso por razóns de interese público prevalente, ou cando o procedemento seguido adoece de defectos non subsanables, debendo indemnizar aos licitadores, en ambos casos, dos gastos derivados da súa participación na licitación e suficientemente acreditados.

3. A adxudicación será motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Deberá explicar, de modo resumido e por referencia ás actas da Mesa de Licitación, no seu caso, as razóns do rexeitamento ou inadmisión de propostas, e as vantaxes ou criterios de selección que fundamentan a adxudicación dos postos.

15. Formalización das concesións.

1. O concello requirirá ao adxudicatario para que, non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación, subscriba el documento administrativo de formalización da concesión, ao que se lle unirá, formando parte do mesmo, un exemplar do prego de cláusulas debidamente compulsado.

2. Conterá, como mínimo:

- Identificación das partes, Concello e adxudicatario, con referencia á súa competencia e capacidade, respectivamente.
- Identificación dos asinantes e xustificación da súa representación, nos eu caso. A representación municipal ostentarse pola Alcaldía ou Concellería Delegada, de conformidade coas atribucións conferidas pola lexislación local.
- Identificación do ben ou bens obxecto da concesión, que se fará por referencia a aquel en concreto dos contidos nos pregos de cláusulas.
- Antecedentes da concesión:
 - Data e órgano de aprobación dos pregos de cláusulas e autorización da licitación do ben.
 - Constancia da aportación da documentación previa, así como constitución da garantía definitiva.
 - Data e órgano de adxudicación da concesión.
- Contido da concesión:
 - Expresión do canon da mesma, segundo a oferta do concesionario.
 - Prazo de duración da concesión.
 - Remisión aos pregos de cláusulas, que se achegan, e que rexen a concesión.
- Conformidade expresa do concesionario co contrato e cos pregos de cláusulas.
- Expresa submisión ao réxime xurídico aplicable segundo as cláusulas finais dos pregos.

3. De conformidade co art. 93.2 da LPAP (Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas) o devandito documento será título válido para acceder ao Rexistro da Propiedade. Non obstante, formalizarse en escritura pública cando así o solicite a concesionaria, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

4. Se por causa imputable ao adxudicatario non puidera formalizarse o documento dentro do prazo indicado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, se outorgara, e procederá a indemnización



dos danos e perdas ocasionados ao Concello.

Neste suposto, así mesmo, poderá adxudicarse o contrato á seguinte proposta máis vantaxosa, previa acreditación dos extremos sinalados na cláusula 13.

CAP. IV. RÉXIME DA CONCESIÓN. DESENVOLVEMENTO E EXTINCIÓN

16. Duración.

1. O prazo de duración das concesións actuais será dende a data da resolución ou acordo de adxudicación ata o día no que se cumpran os 25 anos. Non cabe posibilidade de prórroga, nin superación deste prazo mediante subrogación ou transmisión do dereito.

2. Os concesionario deberá iniciar a explotación do posto ou postos adxudicados nos 15 días naturais posteriores á firma do documento administrativo, salvo causa xustificada.

17. Transmisión.

1. Procederá de conformidade co sinalado no art. 26.1 do Regulamento dos Mercados municipais de Abastos.

2. En todo caso, o adquirente deberá de aportar a documentación sinalada no apartados c) (salvo que se manteña a actual), d) e máis e) do art. 13 destes pregos.

18. Dereitos dos concesionarios.

1. Disporán daqueles previstos polo Regulamento dos Mercados municipais de Abastos (art. 23 e demais aplicables) e pola normativa reguladora do patrimonio das Administracións Públicas e Entidades Locais.

2. En concreto, poderán transmitir as concesións de acordo co art. 98.1 da LPAP e cos requisitos e límites sinalados nos presentes pregos; así como proceder a súa hipoteca, nos termos do apartado 2º do devandito precepto.

19. Obrigas dos concesionarios.

Deberán axustarse no uso e explotación dos bens ás normas, deberes, obrigas, limitacións e prohibicións recollidas no Regulamento dos Mercados municipais de Abastos. Así mesmo, deberán adaptarse ás específicas normativas aplicables para cada actividade.

20. Obrigas e potestades municipais. Modificacións.

1. Establécense nos arts. 31 e 32 do Regulamento dos Mercados municipais de Abastos. O Concello disporá da facultade de inspeccionar os postos, podendo acceder ao seu interior, co fin de comprobar o estado dos bens e o correcto desenvolvemento da concesión. A negativa a permitir estas inspeccións por parte dos concesionarios considerárase como infracción moi grave.

2. Así mesmo, o Concello disporá das potestades que lle recoñece a normativa básica ou plena reguladora do patrimonio das Administracións Públicas e dos bens locais e, en concreto, o rescate da concesión (art. 80.10ª do RBEL, Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por RD 1372/1986) e de lanzamento (art. 80.13ª do mesmo Regulamento).

3. Finalmente, e dado o carácter público desta concesión, o Concello detenta a potestade

de interpretación unilateral dos termos da concesión, modificalos por razóns de interese público, resolución e determinación dos efectos desta, de conformidade co disposto na lexislación patrimonial das Administracións públicas e, supletoriamente, na lexislación contractual administrativa.

4. Contéplase como supostos específicos de modificación, ou novación modificativa, o cambio dos postos obxecto de concesión por outros, nas seguintes condicións:

Supostos de concorrencia verificable obxectivamente	Condicións da eventual modificación
1. Utilización do local polo propio Concello, para servizo propio, almacén, depósito ou outros. Sempre xestionado directamente. 2. Reordenación do andar onde se atopa, de tal forma que suporía a súa desaparición como tal posto.	1. Non se modificarán as condicións relativas ao réxime da explotación contempladas nestes pregos e normativa á que aluden. 2. Os novos postos serán de idénticas ou substancialmente iguais características que os anteriores, e no mesmo Mercado. Non poderán variar, en máis ou menos, ó 5% da superficie do orixinal. 3. O canon e as taxas da concesión serán as correspondentes ao novo posto, sen que podan variar máis do 5% respecto do orixinal.

O procedemento para a conclusión destas modificacións implicará: incoación polo Concello mediante proposta razoada da Alcaldía ou Concellería delegada, na que se exporán as razóns que a fundamentan; informe técnico de confirmación da identidade ou similitude dos postos e da súa non variación en máis do 5% superficie; informe do canon e taxas a cobrar, ou reintegrar respecto do primeiro, que non haberán superar o límite sinalado; informe da xefatura servizo; audiencia ao concesionario; informe con proposta; fiscalización Intervención, e acordo resolución.

21. Condicións, conservación e mantemento dos postos. Obras.

1. Os concesionarios deberán manter en bo estado o posto ou postos que se lle outorgaren, e as instalacións comúns dos mercados, así como as instalacións ou melloras que, no seu caso, executasen.

2. O réxime das obras, instalacións, condicións, mantemento e conservación establécese no Regulamento dos Mercados municipais de Abastos, sendo de aplicación o art. 101 da LPAP.

22. Réxime sancionador.

1. De conformidade co establecido nos arts. 139 e 140 da Lei 7/1985, considéranse infraccións ás ordenanzas locais en xeral, e polo tanto sancionables a través do procedemento previsto polo RD 1398/1993, aquelas referidas ás relacións de convivencia, ao uso en xeral do servizo, infraestruturas, instalacións, equipamentos e espazos. Serían aquelas infraccións que, en principio, poderían predicarse de calquera usuario do mercado.

Polo tanto, determínanse como tales, de entre aquelas previstas no Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, as seguintes :

- As contempladas nos apartados 4) e 8) do seu art. 38.
- As contempladas nos apartados 2), 3) e 6) do seu art. 39, así como no seu apartado 1), cando as infraccións que se reiteran sexan as previstas no punto anterior.
- A contemplada nos apartados 5) do seu art. 40, así como no seu apartado 1), cando as infraccións que se reiteran sexan as previstas no punto anterior.
- Aquelas precisadas como moi graves no art. 140.1 da Lei 7/1985.



2. As restantes infraccións recollidas nos arts 38, 39 e 40 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, así como as establecidas expresamente nestes pregos, consideraranse como supostos que fundamentarían a imposición de multas penitenciais polo incumprimento das condicións da concesión, ao encontrarse directamente vinculadas co réxime do seu exercicio e non seren aplicables aos usuarios.

3. As sancións serán as previstas no art. 41 do Regulamento dos Mercados, así como as do art. 141 da Lei 7/1985 pola comisión das infraccións que recolle o seu art. 140.1.

Tramitaranse os procedementos aos que alude o art. 42 do Regulamento de Mercados segundo a natureza exposta da infracción.

23. Extinción.

1. Poderá proceder polas causas establecidas nos arts. 100 da LPAP e 27 do Regulamento dos Mercados municipais de Abastos e, así mesmo:

- Pola non reposición da garantía definitiva no prazo sinalado no art. 13 c) deste pregos cando con cargo a ela se fixeran efectivas responsabilidades ou sancións.
- Polo no comezo da actividade no prazo sinalado no art. 16 destes pregos.
- Pola comisión dunha infracción cualificada como moi grave (art. 41.2 Regulamento dos Mercados).

2. No cálculo das indemnizacións procedentes por rescate anticipado, consideraranse o sinalado no art. 101.3 e 4 da LPAP.

3. Nos 10 días anteriores á extinción da concesión procederáse a un exame previo polo persoal municipal para comprobar o estado dos postos, determinar as instalacións que puideran ser retiradas conforme ao art. 21 do Regulamento dos Mercados, e demais extremos en orde a establecer a procedencia, ou non, de responsabilidades e a devolución, no seu caso, da garantía definitiva.

4. Sendo favorable o informe anterior, procederáse á referida cancelación e devolución da garantía definitiva.

5. Independentemente do anterior, o Concello poderá optar pola novación modificativa das concesións outorgadas, de tal forma que non fora preciso o seu rescate, ou finalización anticipada, nos termos precisados no art. 20.4 destes pregos. Nestes supostos non existirá dereito a indemnización.

CAP. V. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

24. Réxime xurídico.

1. O obxecto do presente prego é a adxudicación dunha concesión demanial das previstas no art. 78.1.a) do RBEL e no art. 93 da LPAP.

Xa que logo, rexeráse en primeiro lugar pola lexislación do patrimonio das Administracións Públicas que teña o carácter de plena ou básica (preceptos correspondentes da LPAP e do RD 1373/2009); a D.Ad. 2ª do TRLCSP, no que atinxe ao réxime de competencias dos órganos municipais; a continuación, pola lexislación básica local (Lei 7/1985 e preceptos que teñan tal carácter do TRRL); a Lei 5/1997 de

Administración Local de Galicia; de seguido, o RBEL; o Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos e os presentes pregos de cláusulas.

Acudirase supletoriamente aos restantes preceptos da LPAP e do RD 1373/2009, na medida en que podan aplicarse a Administracións distintas da estatal, e consideraranse os principios do TRLCSP para solventar as dúbidas e lagoas que se podan presentar (segundo o seu art. 4.2).

A lexislación contractual administrativa aplicarase sempre con carácter supletorio de toda a normativa anterior e do disposto neste pregos, e sempre que non a contradiga e sexa compatible coa natureza da concesión. Finalmente, acudirase ao Código Civil.

2. O desenvolvemento da actividade en concreto adaptarase á normativa técnica e sectorial de aplicación.

3. En todo caso, as concesións outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

4. Os concesionarios sométense expresamente á devandita normativa.

25. Xurisdición competente.

1. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a licitación, adxudicación, formalización, interpretación, modificación, extinción e efectos das concesións serán resoltas polos órganos competente para o seu outorgamento; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso - administrativa, a teor da lei de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. A todos os efectos, incluídos los procesuais, entenderase que o lugar de celebración do contrato é a cidade de Pontevedra.

Pontevedra, 29 de outubro de 2013

A Técnica de Admon. Xeral do Servizo de Promoción Económica

M^a Dolores Cuiñas Gomez